

RESOLUCIÓN REITORAL PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN FÍSICO-DEPORTIVA E CULTURAL ORGANIZADAS POLO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO EXERCICIO 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, recollen no seu artigo 7, apartados b) e e), respectivamente, que *Son dereitos de todos os membros da comunidade universitaria, no marco das previsións contidas na lexislación vixente:*

A organización, promoción e participación en actividades formativas, culturais, recreativas e deportivas e de extensión universitaria, e a utilización das instalacións e dos servizos universitarios, conforme o que establezan as normas da Universidade.

Recibir as distintas axudas ou subvencións que a Universidade estableza, de acordo cos requisitos previstos nas respectivas normas que as regulen.

Na súa virtude, e co ánimo de fomentar a iniciativa cultural e deportiva do estudantado da USC, a Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura en colaboración coa Área Deportiva considera acaído abrir unha liña de axudas económicas para apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e físico-deportivas que nazan no ámbito da poboación estudantil universitaria e, ao abeiro das competencias que ten atribuídas segundo R.R. do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril de 2022), RESOLVE facer pública a Convocatoria de Axudas ao Desenvolvemento de Actividades de Dinamización Físico-Deportiva e Cultural organizadas polo estudantado da Universidade de Santiago de Compostela no exercicio 2026, en réxime de concorrència non competitiva.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira.- Obxecto

- 1.1. É obxecto desta convocatoria abrir unha liña de axudas para apoiar actividades físico-deportivas e culturais organizadas a iniciativa do estudantado da USC e establecer as condicións necesarias para a súa execución e xustificación.
- 1.2. Para os efectos desta convocatoria, enténdese por actividade aquela actuación organizada de carácter físico-deportiva ou cultural que sexa proposta por unha persoa que pertenza ao colectivo estudantil da USC.

- 1.3. Quedan excluídas do ámbito desta convocatoria as actividades de carácter académico ou científico, as viaxes, as que se solapen con outras xa subvencionadas por outras liñas de axuda da USC, os proxectos presentados directa ou indirectamente en nome de organizacións, sindicatos e/ou partidos políticos, así como as realizadas en nome de colectivos non universitarios.

Segunda.- Réxime

Esta convocatoria preséntase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo que permanecerá aberto desde o día seguinte á súa publicación no taboleiro electrónico da USC ata o 15 de outubro de 2026 ou ata que se esgote a totalidade do crédito orzamentario.

Terceira.- Crédito orzamentario e contía das axudas

A dotación das axudas efectúase na partida orzamentaria 8043.4202.28500, cunha contía global de 5.000 euros.

A contía máxima por solicitude será de 400 euros. Os pagamentos derivados da aplicación das axudas serán tramitados e librados directamente polo centro de gasto da vicerreitoría de Estudantes e Cultura aos perceptores últimos, para o cal os beneficiarios deberán facer as xestións no dito centro de gasto antes de efectuar calquera pagamento.

Cuarta.- Persoas beneficiarias e requirimentos

4.1 As persoas beneficiarias desta convocatoria son todas as que pertencen á comunidade de estudantes da USC.

4.2 Quedan excluídas as solicitudes realizadas en nome de asociacións universitarias, xa que estas contan cunha convocatoria específica.

4.2 Só se poderá presentar unha solicitude por actividade conforme ao Anexo I.

4.3 As solicitudes deberán ser presentadas por unha persoa que pertenza á comunidade de estudantes da USC e debe contar co aval dun mínimo de vinte (20) estudantes da USC. Para acreditar o dito aval, haberá que recoller as sinaturas do alumnado na táboa do Anexo II.

4.4 A actividade debe adecuarse ao obxecto desta convocatoria, estar aberta a toda a comunidade universitaria e cumprir coa lexislación vixente en materia de convivencia.

4.5 As actividades deben incluír a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

4.6 A actividade debe recoller unha previsión do seu impacto ambiental (en termos de aforro enerxético, xeración de residuos, etc.).

4.7 A actividade debe empregar a lingua galega na súa difusión e execución.

4.8 As actividades, con carácter previo ao seu inicio, deberán dispoñer dos seguros e permisos necesarios para a súa realización conforme á lexislación vixente.

4.9 As actividades deberán executarse antes do 13 de novembro de 2026.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e contido

5.1 Lugar:

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, deben presentarse no rexistro da sede electrónica da USC:

<https://sede.usc.es/sede/publica/registroEntrada/solicitudes/listaxe.htm>

xunto cos anexos I e II e toda aquela outra documentación que se estime pertinente para complementar a solicitude.

5.2 Prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes poderán presentarse en calquera momento dende o día seguinte á publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios electrónico da USC ata o 15 de outubro de 2026 e, en calquera caso, como mínimo 21 días antes do desenvolvemento da actividade.

5.3 Contido:

- Solicitude e información sobre a actividade (Anexo I).
- Documento de sinaturas do alumnado que avala a actividade (Anexo II).

5.4 Emendas:

Unha vez recibida unha solicitude, se se detecta algún defecto ou carencia, desde a vicerreitoría de Estudantes e Cultura poñeranse en contacto coa persoa solicitante para que nun prazo de cinco (5) días hábiles se poidan emendar os erros detectados.

Sexta.- Valoración e resolución das propostas

6.1 Ao tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva de prazo aberto, no momento de recibir unha solicitude e, no seu caso, logo de emendados os posibles defectos, realizarase unha valoración da proposta por parte de persoal responsable das Área Deportiva e/ou a Área

de Cultura da vicerreitoría de Estudantes e Cultura e no prazo de 7 días hábiles comunicáraselle á persoa solicitante a concesión ou non da axuda e a contía da mesma.

6.2 Na valoración primárase que se trate de accións que impliquen a diferentes centros universitarios, que fomenten a participación, a formación en principios, valores e comportamentos universitarios e cidadáns relativos á igualdade entre homes e mulleres, á non discriminación por cuestións de orientación sexual, así como as que propicien a formación integral e transversal das persoas.

6.3 No aspecto económico, valorárase que a previsión orzamentaria sexa realista e se axuste ás necesidades de desenvolvemento da actividade.

Sétima.- Xestión económica e seguimento das axudas

7.1 Dado que os pagamentos derivados da aplicación das axudas serán tramitados e librados directamente polo centro de gasto da vicerreitoría de Estudantes e Cultura aos perceptores últimos, a persoa solicitante será quen de facer as xestións no dito centro de gasto antes de efectuar calquera pagamento, ata completar a contía concedida.

7.2 Na comunicación da concesión da axuda especificaranse os conceptos do orzamento aos que se pode destinar a contía. En termos xerais, os gastos que se poden cubrir a través destas axudas son os relativos a:

Gastos xerais de organización (material de difusión, material funxible non inventariable, aluguer de equipos, prestación de servizos para a actividade, trofeos, medallas, servizos médicos de ser precisos)

Gastos de convidados (honorarios, transporte, manutención e aloxamento)

7.3 Os gastos deben ser executados antes do 13 de novembro de 2026. En ningún caso poderán aboarse cantidades con cargo ao orzamento de anos posteriores.

7.4 Na difusión das actividades farase contar que foron financiadas ou co-financiadas pola vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC.

7.5 A vicerreitoría de Estudantes e Cultura resérvase o dereito de comprobar os datos contidos na solicitude da axuda, verificar a realización das actividades financiadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente.

7.6 En caso de comprobarse que se produciu ocultación ou falseamento de datos, procederase ao reintegro da axuda así como á tramitación do oportuno expediente para depurar as responsabilidades que de tales feitos se puideran derivar.

7.7 No prazo dun mes dende a finalización da actividade aprobada e, en todo caso antes do 20 de novembro de 2026, a persoa beneficiaria deberá enviar á vicerreitoría de Estudantes e Cultura (vr.estudantes@usc.gal) unha memoria da actividade realizada co contido exixido no Anexo III con fotografías da actividade realizada.

Oitava. Incidencias

A vicerreitoría de Estudantes e Cultura resolverá as consultas, dúbidas ou incidencias que se produzan na aplicación desta convocatoria a través de vr.estudantes@usc.gal

Novena. Protección de datos

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento "Bolsas, axudas e subvencións" coa finalidade da concesión e xestión de bolsas e axudas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, da Universidade e bolsas do Servizo Universitario de Residencias (SUR).

O responsable do tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son: Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, protecciondatos@usc.gal Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas. Agás previsión legal os datos non serán transferidos nin cedidos. As persoas interesadas poden exercer ante o responsable do tratamento os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC en: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Axencia de Protección de Datos para realizar a reclamación que estimen oportuna.

Os datos serán conservados durante o período en que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web: <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte o da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

A Vicerreitora de Estudantes e Cultura

Pilar Murias Fernández

ANEXO I. SOLICITUDE E INFORMACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE

INFORMACIÓN PERSOA SOLICITANTE				
Persoa responsable:				
Enderezo electrónico de contacto:				
Centro de pertenza:				
Titulación e curso:				
INFORMACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE				
Nome da actividade:				
Tipo de actividade:				
Obxectivos:				
Descrición da actividade:				
Ademais do texto no que se describa a actividade, haberá que aportar información sobre os seguintes elementos: - Datas, horas e lugares: - Relación de persoas que forman parte da organización da actividade: nome, apelidos, centro de pertenza, curso e titulación. - Nº máximo de participantes: - Implicación do estudantado na organización da actividade: - Nº de sinaturas de estudantes recollidas en apoio da actividade: - Medios de comunicación e difusión da actividade: - Medidas para incluír a perspectiva de xénero no deseño e execución da actividade: - Medidas para reducir o impacto ambiental da actividade (<i>en termos de aforro enerxético, xeración de residuos, etc.</i>).				
Orzamento estimado de gastos previstos:				
Tipo de gasto	Nº ud.	Prezo ud.	IVE	Importe
Relación de gastos				
Total				

ANEXO II. SINATURAS DE ESTUDANTES

DOCUMENTO DE AVAL DA ACTIVIDADE		
Nome da actividade:		
SINATURAS DE ESTUDANTES		
Nome e apelidos	Titulación e curso	Sinatura
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		
7.		
8.		
9.		
10.		
11.		
12.		
13.		
14.		
15.		
16.		
17.		
18.		
19.		
20.		

ANEXO III. MODELO DE MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE				
Persoa responsable:				
Enderezo electrónico de contacto:				
Centro de pertenza:				
Titulación e curso:				
Nome da actividade:				
Código da actividade:				
Obxectivos:				
Memoria da actividade:				
O texto da memoria descritiva deberá incluír información sobre os seguintes elementos: • Descrición da actividade realizada: • Fotografías da actividade: • Datas, horas e lugares: • Nº de centros: • Nº real de participantes: • Medidas para asegurar a equidade de xénero: • Medidas para reducir o impacto ambiental: • Medios de comunicación, difusión da actividade (exemplos) • Instrumentos para a avaliación das actividades (debe ir acompañado de facturas xustificativas)				
Relación de gasto executado:				
Concepto	Nº ud.	Prezo ud.	IVE	Importe
Total				

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ,
VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/02/2026
10:47:13.

CSV: 1E87-15C6-476D-A320